

CONCURSO DE ARTIGOS XORNALÍSTICOS CARLOS CASARES



ANPA
Castelao



Información do concurso

O concurso está dirixido a **estudantes de ESO e Bacharelato** matriculados no presente curso escolar nun centro educativo de Galicia, cuxa idade non supere os 20 anos.

O idioma empregado será a **lingua galega**. Os participantes concorrerán cunha **única obra**. Os artigos presentados xirarán en torno á **temática do tren** como motivo literario.

Os artigos serán **inéditos**, cunha extensión máxima de **tres folios** mecanografiados a espazo 1,5 puntos, Arial 12, marxes de 2,5 cm a unha soa cara.

Establécense **tres categorías**: 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e Bacharelato. Haberá un **único premio por categoría**, cunha contía de **150€ nun cheque agasallo**. Así mesmo o xuri poderá decidir a concesión de accésits.

O **prazo** de presentación remata o **11 de maio de 2017**. A **entrega de premios** será o **19 de maio de 2017** no salón de actos do IES Afonso X o Sabio.

Consultar as **bases completas** para máis detalles.

Todos temos
algo que contar

PARTICIPA!

PREMIOS POR
VALOR DE 150 €

Teléfono de información
881 880 342

BASES DO CONCURSO DE ARTIGOS XORNALÍSTICOS CARLOS CASARES

ORGANIZADO POR
IES AFONSO X O SABIO E ANPA CASTELAO

1. O presente concurso de artigos xornalísticos está dirixido a estudantes de ESO e Bacharelato matriculados no presente curso escolar nun centro educativo de Galicia, cuxa idade non supere os 20 anos.
2. O idioma empregado será a lingua galega. Os participantes concorrerán cunha única obra. Os artigos presentados xirarán en torno á temática do tren como motivo literario.
3. Os artigos serán inéditos, cunha extensión máxima de tres folios mecanografiados a espazo 1,5 puntos, Arial 12, marxes de 2,5 cm a unha soa cara.
4. As obras poderán presentarse directamente na secretaría do IES Afonso X O Sabio en horario de 9:00-14:00 ou ben envialas por correo certificado ao enderezo IES Afonso X O Sabio, R/ Río Sil, 9. A Barcala, CP: 15660, Cambre
5. O artigo presentarase por triplicado nun sobre pechado que incluíra no exterior o título do traballo e lema ou pseudónimo do autor, acompañado dun segundo sobre, tamén pechado, no cal conste no exterior o título do artigo e que conteña no interior o auténtico nome e apelidos do/a autor/a, idade, curso e centro de estudos, así como a fotocopia do seu DNI, teléfono, e enderezo postal.
6. Tamén se poderán remitir por correo electrónico ao enderezo ies.afonsox.cambre@edu.xunta.es indicando como asunto CERTAME DE ARTIGOS XORNALÍSTICOS CARLOS CASARES. Ao correo deberán xuntarse dous arquivos, un co artigo e lema ou pseudónimo e outro cos datos persoais do/a autor/a anteriormente referidos.
6. O prazo de presentación remata o 11 de maio de 2017.
7. Establécense tres categorías: 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e Bacharelato. Haberá un único premio por categoría, cunha contía de 150€ nun cheque agasallo.
8. O premio poderá ser declarado deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xuri.
9. Así mesmo o xuri poderá decidir a concesión de accésits.
10. O fallo do xuri será inapelable. A súa composición darase a coñecer unha vez rematado o prazo de presentación dos artigos. A decisión do xuri será comunicada aos participantes persoalmente antes da entrega de premios.
11. O día da entrega de premios será o 19 de maio de 2017 no salón de actos do IES Afonso X o Sabio.
14. A participación no concurso implica a aceptación das bases.

Teléfono de información: 881 880 342

